



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Proxectos 6	Código	630G01026	
Titulación	Grao en Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo			
Coordinación	Crespo Gonzalez, Cristobal	Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es	
Profesorado	Crespo Gonzalez, Cristobal	Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es	
	Martinez Raido, Jose Luis		jose.luis.martinez.raido@udc.es	
	Mesejo Conde, Mónica		monica.mesejo@udc.es	
	Pedros Fernandez, Oscar		oscar.pedros@udc.es	
	Rodriguez Blanco, Emilio		emilio.rblanco@udc.es	
Web	blogiacobus.wordpress.com			
Descrición xeral				

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1 - METODOLOXÍA DO PROXECTO II	<ul style="list-style-type: none"><li>- Linguaxe Arquitectónica I: Estructura e Forma.</li><li>- Linguaxe Arquitectónica II: Composición e Material.</li><li>- Ferramentas organizativas. Programa, uso e función.</li><li>- Ferramentas culturais. Tradición, historia e cultura do lugar.</li><li>- O uso colectivo. Espazos comúns, de relación e de reunión.</li><li>- Tratamento de espazos interiores. Material, cor, iluminación.</li><li>- Tratamento de espazos exteriores. Pavimentos, axardinamento, patios.</li></ul>
TEMA II - ARQUITECTURA E CIDADE	<ul style="list-style-type: none"><li>- Arquitectura pública e institucional.</li><li>- Arquitectura e patrimonio. A cidade histórica. A cidade herdada</li></ul>



TEMA III - INTRODUCCIÓN Á NORMATIVA DE PROXECTO II	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acondicionamento dos espazos. Iluminación, ventilación, sistemas.</li> <li>- Instalacións dos edificios.</li> <li>- Condicións de seguridade contra incendios e evacuación.</li> <li>- Patrimonio, restauración e intervención arquitectónica.</li> </ul>
EJERCICIO 1 - O PROXECTO BÁSICO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise urbana.</li> <li>- Proxecto de edificio público ou institucional nun ámbito non consolidado</li> </ul>
EJERCICIO 2 - PROXECTO DE EXECUCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto de intervención sobre o patrimonio construído.</li> <li>- Desenvolvemento construtivo.</li> <li>- Desenvolvemento estrutural.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais		2	0	2
Análise de fontes documentais		0	12	12
Aprendizaxe colaborativa		4	10	14
Discusión dirixida		5	0	5
Esquemas		0	8	8
Obradoiro		15	20	35
Sesión maxistral		15	0	15
Traballos tutelados		14	20	34
Proba obxectiva		1	0	1
Portafolios do alumno		0	20	20
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas primeiras clases do curso fórmase ao alumno unha proba gráfica que permita coñecer o nivel previo co que parte o alumno. A devandita proba realízase na aula.
Análise de fontes documentais	Antes de iniciar o desenvolvemento material dos traballos no TALLER, procederase á análise das fontes documentais relacionadas co tema proposto mediante a utilización de documentos audiovisuais, bibliográficos, reportaxes documentais, paneis gráficos, fotografías, maquetas, artigos, textos informativos, normativa de aplicación, etc. Os grupos (profesor - alumnos) analizan a documentación dispoñible e ampliana, elaborando unha síntese das distintas fontes documentais. Complementábase esta análise con intervencións de profesionais da arquitectura e doutros campos, que serán invitados a efectuar charlas e coloquios con desenvolvemento de temas concretos e experiencias persoais.
Aprendizaxe colaborativa	A clase organízase en pequenos grupos de traballo, onde os alumnos traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas polo profesor. Organízase ao grupo para obter a máxima información posible e compartila (análise da parcela, busca de exemplos, de normativas, construción da maqueta xeral do emprazamento, toma de datos ou medicións in situ, tratamento infográfico da documentación obtida, etc.). Este traballo está guiado de forma presencial polo profesor asignado. Trátase de optimizar a aprendizaxe individual e o do grupo.
Discusión dirixida	Tanto o traballo de grupo coma o individual expóñense de xeito público para incitar os membros do grupo a intervir no proceso creativo propio e alleo, de forma libre, informal e espontánea.



Esquemas	Os datos obtidos nas análises, así como as intencións do proxecto, exprésanse de forma gráfica simplificada nas primeiras fases de cada traballo. Son as fases de información previa e anteprojecto.
Obradoiro	Os proxectos desenvólense mediante a combinación de diversas metodoloxías e probas: asistencia a exposicións, conferencias, análise de problemas concretos do programa. O alumno realiza tarefas eminentemente prácticas en cada un dos exercicios do curso, sempre baixo o apoio e supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	Periodicamente realízanse conferencias ou exposicións, relacionadas co tema a tratar en cada exercicio. Onde o relator expón de forma oral e/ou gráfica a información aos alumnos.
Traballos tutelados	Preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Refírese á aprendizaxe de &quot;como facer as cousas&quot;, é o estudante o que asume a responsabilidade da súa formación. Un claro exemplo do traballo tutelado é o que se desenvolve ao abeiro do PROGRAMA INTERNACIONAL: IACOBUS
Proba obxectiva	
Portafolios do alumno	Como resultado do seu traballo ao final do cuadrimestre, o alumno terá elaborado o seu portafolios da materia, accesible a través da plataforma docente Moodle. Este obxecto final, desenvolvido a través das sesións en grupos e no taller, servirá de base á cualificación e curriculum persoal do alumno.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Discusión dirixida Obradoiro	O alumno recibe atención personalizada concerne ao traballo que está a desenvolver na materia e no Taller, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.  O portafolios do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva		Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva.	20
Portafolios do alumno		O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, dispoñible e accesible a través da plataforma docente Moodle.  Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final.	80

### Observacións avaliación



Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1º Entregar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados na materia. 2º Asistir regularmente a clases e ao Taller. Esixirase unha asistencia mínima do 80%

Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

1º Non cumpla a asistencia esixida ás clases e ao Taller.

2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requirida en tódalas asignaturas que compoñen o Taller.

3º Non asista á proba obxectiva.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- NEUFERT, Ernst (2007). Arte de Proyectar en Arquitectura. Barcelona, G.G.</li> <li>- TANIZAKI, Junichiro (1933). El elogio de la sombra. Siruela</li> <li>- ASCHNER ROSELLI, Juan Pablo (2009). ¿Cómo concebir un proyecto arquitectónico?. deArq (Revista digital) num. 05</li> <li>- ZUMTHOR, Peter (). Thinking architecture. Birkhäuser</li> <li>- AUGÉ, Marc (). Los no lugares. Gedisa</li> <li>- PROYECTOS III (Plan Antiguo) (). IACOBUS: Rehabilitación del Patrimonio Europeo. <a href="http://blogiacobus.wordpress.com/">http://blogiacobus.wordpress.com/</a></li> <li>- VVAA (2007). La plaza de Pontevedra y el frente marítimo del Orzán. A Coruña, UDC</li> <li>- VVAA (2009). Escuela de música y albergue en St. Klara, Regensburg. A Coruña, UDC</li> <li>- VVAA (2008). Un complejo hotelero en Randan. A Coruña, UDC</li> <li>- VVAA (2010). Código Técnico de la Edificación. <a href="http://www.codigotecnico.org/web/recursos/documentos/">http://www.codigotecnico.org/web/recursos/documentos/</a></li> <li>- VVAA (2007). Normas do hábitat galego. <a href="http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/normashabi">http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/normashabi</a></li> <li>- TORROJA MIRET, Razón y ser de los tipos estructurales (2007). Razón y ser de los tipos estructurales. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos</li> <li>- Robert Venturi (1966). Complejidad y contradicción en la Arquitectura. Barcelona, GG</li> <li>- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga (2001). A cidade de Ourense, unha visión a través dos séculos. Ourense: Grupo Marcelo Macías</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- DELEUZE, Gille, GUATTARI, Félix (1994). Mil Mesetas. Capitalismo y esquizofrenia. Pre-textos</li> <li>- SLOTERDIJK, Peter (1998-2004). Esferas . Siruela</li> <li>- DAZA, Ricardo (2000). Buscando a Mies. Barcelona, Actar Publishers</li> <li>- KOOLHAAS, Rem (2007). Conversaciones con estudiantes. Barcelona, G.G.</li> <li>- MONTEYS, X., FUERTES, P. (2001). Casa Collage. Barcelona, G.G.</li> <li>- TORRES TUR, Elías (2005). Luz cenital. Barcelona, Col·legi d'Arquitectes de Catalunya</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Proxectos 5/630G01021  
 Construción 3/630G01022  
 Urbanística 2/630G01024

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Construción 4/630G01027  
Urbanística 3/630G01029  
Estruturas 4/630G01034

Materias que continúan o temario

Proxectos 7/630G01031  
Proxectos 8/630G01036

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías